

## **NOTA INFORMATIVA**

O Concello de Muros informa de que no **DOG nº 184 do mércores 27 de setembro** de 2017 saíu publicada a **Resolución do 18 de setembro de 2017 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, a particulares para a adquisición de materiais e pezas de mobiliario de cociña e baño (Reforma17), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria.**

### **Persoas beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas, maiores de idade, consumidores individuais, propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles do sector residencial situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que os bens subvencionables descritos no artigo 3 das bases reguladoras se adquiran nunha entidade colaboradora adherida ao programa Reforma17 e se destinen ao dito inmovible.

### **Obxecto**

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto incrementar e incentivar a demanda interna de materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cociña e baño en Galicia, e tratar de repercutir con ela nos sectores industriais e comerciais galegos.

O Igape publicará na súa páxina web [www.igape.es/reforma17](http://www.igape.es/reforma17) a relación actualizada en todo momento dos establecementos de venda adheridos ao programa.

### **Actuacións, gastos subvencionables e contía das axudas**

1. Serán subvencionables as operacións de adquisición de materiais de rehabilitación e pezas de mobiliario para cociña e baño realizadas nun establecemento de venda adherido, que cumpran as seguintes condicións:

- a) Adquirir un ou varios bens obxecto de subvención nalgún dos establecementos de venda adheridos á presente iniciativa.

- b) Para ser subvencionable unha operación de compra deberá acadar un custo mínimo de 1.000 €(sen incluír IVE).
- c) A subvención máxima que percibirá cada persoa física será de 1.000 € nunha ou varias operacións.
- d) Os bens obxecto de axuda deberán ser destinados, nun prazo de 3 meses desde a solicitude, á reforma ou nova instalación de mobiliario no enderezo indicado na solicitude de axuda. O dito domicilio non poderá figurar en ningún expediente doutro solicitante de axuda ao abeiro deste programa. Os beneficiarios da axuda declararán responsablemente que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional.

A obriga de destinar os bens obxecto da axuda á reforma no domicilio indicado na solicitude recae, en primeira instancia, no beneficiario da axuda, sen prexuízo de que este poida demostrar a imposibilidade de realizar a dita reforma en prazo por retrasos ou outras causas achacables ao establecemento colaborador, en cuxo caso e de quedaren acreditadas as ditas circunstancias, se procederá a incoar procedemento de incumprimento de condicións ao establecemento colaborador, que poderá rematar cunha resolución de revogación da axuda.

- e) Os establecementos de venda deberán identificar claramente os materiais e pezas de mobiliario susceptibles de axuda conforme o establecido nestas bases.
- f) Quedan expresamente excluídos: a man de obra da reforma; os electrodomésticos; as ventás e os seus marcos; portas de paso e os seus marcos; estufas e cociñas de gas, leña, pellets ou similares e radiadores de calquera tipo; cortinas e estores.
- g) Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

2. Non se considerarán subvencionables os gastos e custos financeiros que sexan consecuencia do investimento nin os gastos realizados en bens usados.

3. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o día da presentación da solicitude e o derradeiro día do prazo de xustificación.

4. O IVE (imposto sobre o valor engadido) considerarase gasto subvencionable, dado que os beneficiarios son particulares, para xustificar o cal será necesario realizar unha

declaración responsable (establecida na solicitude-anexo II) en que se indique que o obxecto da subvención non se dedica nin se adscribe a ningunha actividade empresarial ou profesional. No entanto, para calcular a contía da subvención terase en conta o prezo dos bens impostos excluídos.

5. A contía da axuda será dun 20 % sobre o prezo dos bens, impostos excluídos, e antes do desconto requirido no seguinte parágrafo, cun máximo acumulado de subvención de 1.000 €por beneficiario.

A axuda do Igape virá condicionada a un desconto realizado polo establecemento de venda, que será realizado sobre a base imponible da factura, de importe polo menos da mesma contía que a axuda outorgada polo Igape.

Polo tanto, a diferenza de prezo sobre a base imponible resultante para o comprador dos bens obxecto de axuda será do 40 % desta, cos límites expostos, mediante o desconto e a subvención á compra, sen prexuízo de calquera desconto adicional que se puidese obter por políticas concretas de venda ou promocións dos establecementos ou fabricantes.

6. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao seu valor do mercado.

### **Prazo de presentación de solicitudes**

**O prazo de adhesión das entidades colaboradoras será dun mes a partir do día hábil seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (procedemento do Igape co código IG218)**

**O prazo de presentación de solicitudes de axuda comezará aos 10 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no Diario Oficial de Galicia e finalizará o 17 de novembro de 2017, agás que se produza o suposto de esgotamento de crédito.**

Poderase obter documentación normalizada ou información adicional sobre os procedementos administrativos que soportan esta convocatoria no Igape, a través dos seguintes medios:

1. Guía de procedementos e servizos: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos>.

2. Páxina web do Igape: <http://www.igape.es>.

3. O teléfono de información do Igape: 900 81 51 51.

4. O enderezo electrónico: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es).

5. Presencialmente, nas oficinas do Igape indicadas no seguinte enderezo:

<http://www.igape.es/es/que-e-o-igape/onde-estamos>

Máis información:

Axencia local de sostibilidade (Concello de Muros)

[sostibilidade@muros.es](mailto:sostibilidade@muros.es)

981826050